

Descripción do percorrido.

Con este roteiro polas archicoñecidas Fragas do Eume pretendemos unir dous dos accidentes xeográficos máis singulares e quizais menos coñecidos da beira dereita do río Eume, o monte Fontardiñón e a fervenza da Mazoca.

Dende o lugar de O Gallel, punto de partida da nosa camiñada, subimos ao Fontardiñón que pola súa altura (665 m.) e emprazamento convértese nun impresionante miradoiro natural cunha ampla panorámica de 360°. Lagoa e pobo das Pontes; O Caxato e as Serras da Faladoira e Forgoselo; Pena Fesa, encoro do Eume e Serra da Loba; Rías da Coruña, Ares e Cedeira.

En baixada, pasamos por varios miradoiros do canón do Eume, aldea de Teixido e a zona do depósito regulador e tubaxes da antiga central de Ventureira cara onde nos diriximos. Cruzamos pola ponte á outra beira do río, cara a nova central, agora o camiño é practicamente chaira e discorre entre un frondoso bosque, polo máis profundo do canón. Pasa pola minicentral de O Parrote e remata na ponte de Santa Cristina, onde voltamos cruzar o río para subir ao mosteiro de Caaveiro. Agora comezamos unha forte ascensión ata os lugares de Suapena e Pacés, e atravesamos o río Sesín por unha bonita ponte medieval situada nunha paraxe máxica. Para finalizar faremos un pequeno tramo por estrada para visitar a descoñecida e oculta fervenza da Mazoca cun salto de auga de 10 m. de altura.

Considero este roteiro de dificultade media alta polos desniveis, tanto de subida como de baixada, aínda que non conta con dificultade técnica algunha. É moi importante levar bo calzado e bastón.

Distancia -----16 Km.

Desnivel acumulado de subida -----645 m.

Desnivel acumulado de baixada -----875 m.

Teléfono: 981 213115

Correo: artabros@artabros.org

PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ **NOV.-29:** VETERANOS ACTIVOS. Parques y Carballeiras de Santiago.
- ✓ **DIC.-17:** CyC + VA. Mazaricos + Xantar de Nadal

